[Video] Lumes Nunca Máis

GALIZA CONTRAINFO :: 18/10/2017

Concentracións en moitos puntos do país logo dunha xornada negra de lumes forestais.

Berros de indignación contra a falta de medios e a incompetencia do goberno de Feijóo resoaron nas vilas e cidades galegas. Novas políticas de ordenación do monte, máis prevención, a non privatización dos servizos de emerxencia ou a fin da eucaliptización foron algunhas das reclamacións que se puideron escoitar nos manifestos lidos ao remate das mobilizacións. Tamén se gardaron emotivos minutos de silencio en recordo das catro persoas falecidas. No vídeo imaxes de Ourense, Vigo e A Coruña.

---

https://galiza.lahaine.org/video-lumes-nunca-mais